

# Unha luzada na bocanoite: proposta pedagóxica de educación rural e no rural



REVISTAGALEGA  
DE EDUCACIÓN  
PUBLICACIÓN DE NOVA ESCOLA GALEGA

ISSN: 1132-8932

Páx. 52-55

**Alejandro González Méndez**

[alexgmendez@gmail.com](mailto:alexgmendez@gmail.com)

**David González Paz**

[gonza111195@gmail.com](mailto:gonza111195@gmail.com)

**Rubén Iglesias Seoane**

[ruben.ris92@gmail.com](mailto:ruben.ris92@gmail.com)

**José Manuel Martínez Domínguez**

[josemamartinez11@gmail.com](mailto:josemamartinez11@gmail.com)

Alumnos do Grao en Mestre/a de Educación Primaria (FFP, Lugo)

Como unha luz no medio da escuridade, este artigo aspira a mostrar unha humilde alternativa acerca de como se pode construír educación por, para e no medio rural.

É un proxecto que foi levado a cabo por catro compañeiros e amigos, alumnos do Grao en Mestre/a de Educación Primaria da Facultade de Formación do Profesorado de Lugo, no marco da realización das prácticas do derradeiro ano da súa carreira, nas que tentaron, con toda a humildade que require a súa curta experiencia neste eido, introducir o seu concepto de educación (rural), en pleno corazón da propia Galicia rural.

A educación corre, especialmente nos últimos tempos, o risco de ser un elemento ao servizo do individualismo, da competición e do illamento duns nenos e nenas cunha imposibilidade cada vez maior á hora de albiscarlle algunha utilidade á contorna que os rodea, de verlle a cara bonita a lugares a miúdo ateigados de oportunidades que agardan pacientemente a que alguén as descubra, escondidas baixo o peso dun esquecemento que ameaza por veces con ser eterno.

Neste contexto, a escola rural eríxese como un lugar de especial encanto para abri-lle as súas portas ao mundo que a rodea, e do que é o seu principal motor impulsor. Un mundo rural galego que vive nos últimos anos nun continuo proceso de abandono, desangrado pola marcha das súas xentes e condenado a observar impasible como se derrubaban as paredes das súas casiñas de pedra, gardiás de infinidad de recordos e segredos pero que caen a ritmo lento no máis absoluto dos silencios.

Situémonos pois, no CEIP Plurilingüe de Lousada, parroquia de San Mamede de Lousada (Guntín), lugar de estadia das prácticas de dous dos autores desta

proposta. Unha pequena escola rural de apenas 20 alumnos que sobrevive de maneira heroica a ese goteo continuado de escolas rurais que pechan as súas portas, menosprezadas ante todo canto significan para a supervivencia da súa contorna.

Dende aí viaxamos ao CPI Tino Grandío, centro onde realizaron as súas prácticas os outros dous autores, un colexio situado na capitalidade do municipio (Guntín), que goza dunha mellor "saúde" en canto á súa matrícula pero que ve tamén de cerca os problemas dun mundo rural do que non deixa de formar parte.

Así, comezaron a realizarse unha serie de propostas enfocadas a revitalizar o uso da contorna destas escolas, tentando darlle un valor maior para o seu alumnado. Tales propostas, que se citan a continuación, non foron planificadas e levadas a cabo dende unha perspectiva neutra, senón que estiveron claramente dotadas dun perfil emocional, na procura de que o alumnado asumira sentimentalmente a valoración dos espazos sociais e naturais que o rodean:

- Creación dun horto ecolóxico, previo traballo co valor do ecoloxismo e coa utilidade deste modelo produtivo como oportunidade de futuro para as terras do rural.
- Tratamento da problemática do despoboamento rural, con testemuños de persoas que marcharon deste medio e doutras que se quedaron a pesar das situacións de dificultade.
- Familiarización coa catástrofe do *Prestige*, como ponte para coñecer un espazo, o do mar, a través da dor da súa perda. Era esta unha catástrofe amplamente descoñecida para o alumnado, que se recreou a partir da creación de "espazos negros" na aula.



- Traballo coa crúa realidade dos incendios forestais, como mecanismo para poñer en valor os espazos destruídos por eles e incentivar a solidariedade cara ás persoas afectadas.

Este artigo céntrase, sen menosprezo das outras accións, na referida aos incendios forestais, que gozou dun maior impacto entre o alumnado e que se iniciou a partir da forte vaga de lumes que afectou a Galicia a mediados do outubro pasado. Situación que para nada pasou desapercibida para o alumnado de ambos colexios, testemuñas, como calquera galego ou galega, de como o ceo se volvía negro a plena luz do día.

Pasado o dramatismo destes días non tardaron en apare-

cer na aula as figuras de *Folliña verde* e *Folliña seca*, dúas protagonistas clásicas de cada outono galego que desta volta entraban na aula para contarlle ó alumnado, a través dun conto, a súa historia; como elementos vivos dun bosque feliz no que compartían existencia con ourizos, castañas e multitude de animais que se mostraban encantados da beleza do lugar que habitaban.

Co paso dos días, as follas e outros elementos que a diario entraban a formar parte do conto ían fortalecendo os seus vínculos cos membros da aula, converténdose rapidamente en seres imprescindibles da mesma.

Mais certo día, a través dunha montaxe audiovisual, o alum-

nado presenciou estupefacto como toda vida do monte quedaba destruída e reducida a cinzas, presa da voracidade dun incontrolable incendio.

*(...) Mais de súpeto, un día no que parecía reinar a máis absoluta normalidade, un estraño ruído, unido a un olor a fume insoportable alertou a todas as criaturas do bosque, incluídas, claro está, todas as nosas protagonistas.*

*Que pasaba? Que era aquilo?*

*Aquel monstro de cor laranxa, do que saía unha calor insoportable, arrasaba con todo sen detemento, daba igual correr, esconderse, berrar pedindo auxilio ou subirse ao máis alto dunha árbore. Todos morrían, abrasados, entre sons de dor e sufrimento. (...)* (Parte do conto das folliñas)

Comezou, entón, un período de aprendizaxe que tiña por obxectivo o coñecemento da realidade dos lumes, no que se contou coa achega dun bombeiro forestal e no que emerxeu a figura de Ramiro, un bo home de Cervantes que foi, sen querer, noticia nos medios de comunicación por ter vivido en carne propia o drama dos incendios,

capaces de devorar en horas parte dunha vida construída co esforzo de moitos anos. A Ramiro e á súa nai chegou a solidariedade duns nenos e nenas que xa sabían ben o que era o lume e todo canto mal podía causar. Coa súa idade e cos medios á súa disposición non podían enviarlles diñeiro, nin herba para os seus animais, pero si podían darlles cariño, escribirlles cartas e debuxos que viaxaron de Guntín a Cervantes e que trouxeron de volta un sincero e emotivo agradecemento que fixo brotar as bágoas sen control de quen, quizais, viñan de experimentar por vez primeira unha recompensa ante unha acción solidaria.

*Sinto moito o que pasou, eu e todos vos apoiaremos en coidar o monte, non ti-*

*rar lixo e cortar as silvas. (...) Vamos acabar co lume! Hoxe todo é gris e negro pero mañá será azul, verde a amarelo. Ánimo! (Anaco dunha carta dunha nena de 5º EP)*

A maiores desta acción desenvolveuse outra, vinculada á contorna máis próxima do CEIP Plurilingüe de Lousada. Un espazo dunha beleza única formado por unha carballeira con especies que contan por centos os seus anos e por miles as historias dun pobo que viron transformarse ante as súas raíces.

Neste espazo, pois, a totalidade do alumnado do colexio (de 3 a 12 anos) realizou unha actividade na que debían combater, como bombeiros forestais, un suposto perigo de incendio





na zona, na que alguén colocara estratéxicamente artefactos incendiarios preparados para accionarse.

*(...) Acabamos de recibir unha chamada urxente que nos alerta de que este lugar está en perigo! Parece que algunha malvada persoa escondeu por aquí cerca varios obxectos que poderían causar un incendio cando o tempo mellore!*

*Todo canto vos rodea, a un lado e a outro, está en serio perigo, debemos actuar de inmediato! (...)*

*Por sorte, algún heroe anónimo decidiu axudarnos e escribiunos unhas pistas que nos levarán a cada un dos lugares onde hai algo perigoso que poda causar o lume. Se conseguídes encontralas todas encontraredes tamén os elementos perigosos que hai ó seu redor! (...)* (Extracto da parte introdutoria da actividade)

Como se pode intuír nesta parte introdutoria, na zona distribuíronse unha serie de pistas enlazadas que só se superaban

unha vez resoltas unhas pequenas probas que se planificaron cunha visión interdisciplinaria (podían ter que medir o diámetro dunha árbore, ler un poema ambientado na zona, transportar auga para a extinción dun punto a outro, indagar no pasado duns pendellos que agora eran ruínas pero noutros tempos foran escenario das feiras do lugar ou descifrar o sentido dunha pintura de Tino Grandío na que debuxara o cemiterio que tiñan ante si).

Así, mentres aprendían de que instrumentos se valía a xente sen escrúpulos para prender lume, descubrían tamén un espazo tan próximo a eles e elas como descoñecido e inexplorado.

Por suposto, a actividade tivo un final feliz e todo perigo foi desactivado, ante a alegría dos que corrían ilusionados e ilusionadas intentando salvar das gadoupas do lume un espazo que para sempre sería valorado como seu.

Todo ante a mirada atenta dos paxariños, que amenizan co seu canto os días da zona, conscientes das dificultades da época

pero esperanzados ante a proximidade da imparable chegada da primavera. Diante dos seus atentos e veloces ollos transcorreu esta iniciativa que non deixa de ser un claro reflexo de que a educación rural e no rural está ateigada de oportunidades de presente e de futuro, no marco dunha visión da pedagogía que debe fundirse sen fisuras a aquela contorna que rodea a todo proceso de ensino-aprendizaxe.

Palabra de *Folliña verde*. Sempre co amparo e aprobación da súa inseparable *Folliña seca*.■